

## CONSELLO SECTORIAL DO PXOM DO CONCELLO DE NIGRÁN

### ACHEGAS DE "SALVEMOS MONTEFERRO" (31.08.2009)

**NOTA PREVIA:** consideramos este documento como unha achega inicial que pode ser ampliada e completada posteriormente. Entre outras cousas porque moitas das persoas asociadas a Salvemos Monteferro non puideron participar ata agora na súa elaboración por mor das vacacións estivais.  
Adxúntase ao final un resumo do presente escrito.

“O concello de Nigrán mediante a súa adhesión á Rede galega de concellos pola sustentabilidade manifesta a súa vontade e o seu compromiso claro por encamiñarse cara un desenvolvemento sustentable. En sintonía cos principios inspiradores da Rede, a integración dos criterios e variables establecidos neste documento de referencia supón un paso máis na materialización deste compromiso e o punto de partida sobre o que debe asentarse o plan.”

Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.  
(Páxina 21)

## **Patrimonio**

En ningunha das “mesas” ata agora constituídas no Consello Sectorial aparece explicitada a cuestión do Patrimonio.

Propoñemos ampliar o nome desta comisión ao de “Comisión de Medio Ambiente e Patrimonio”.

A consideración e protección destes bens (catalogados ou non) é unha obriga que recolle (en varios dos seus apartados) o Documento de Referencia do PXOM (en adiante DR) elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

(...) O planeamento debe formular solucións que velen pola protección do patrimonio cultural permitindo acrecentar o interese por estes elementos ou áreas, mediante a divulgación e a posta en valor dos mesmos.  
(DR páxina 23)

Preservar e valorizar os elementos patrimoniais:

- Identificar os elementos patrimoniais destacables.
- Preservar os elementos patrimoniais identificados e formular solucións para o seu legado.
- Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

(DR páxina 15)

O documento do Plan Xeral deberá contemplar unha catalogación exhaustiva dos bens patrimoniais a protexer. Para isto, cóntase coas fichas elaboradas pola Oficina de Planeamento para o PXOM rexeitado en 2006. Debería o actual equipo redactor comprobar a veracidade do contido destas fichas e amplialas, ben por traballo propio de campo, ou ben coas achegas que os colectivos presentes no Consello Sectorial realicemos.

## Espazos protexidos

### 1. Monteferro e as Illas Estelas

O espazo natural conformado pola península de Monteferro e as Illas Estelas constitúe unha das máis valiosas riquezas do patrimonio natural deste concello. Monteferro é na actualidade o único espazo costeiro sen urbanizar en toda a banda sur da Ría de Vigo. O último reducto natural nos 15 quilómetros do litoral sur desta ría.

O seu valor paisaxístico innegable xa foi recoñecido polo anterior goberno da Xunta que iniciou os trámites para a súa catalogación como Paisaxe Protexida.

A súa contorna marítima intermareal xunto coas Illas Estelas constitúen un Lugar de Interese Comunitario (LIC) dentro da Rede Natura 2000 (Código LIC: ES1140012).

Os estuarios e uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*, conforman hábitats de interese comunitario incluídos no Anexo 1 da directiva 92/43/CEE.

En canto á flora e á vexetación, aínda que os fondos mariños abarcan a meirande parte da superficie do LIC (arredor dun 98%), as illas Estelas e unha pequena parte do promontorio de Monteferro albergan interesantes matogueiras costeiras galaico-portuguesas, pertencentes á asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humilis*.

No que se refire á fauna, existen poboacións de lagartixa ibérica (*Podarcis hispanica*) nas dúas illas maiores, de especial interese polo seu carácter insular.

Entre a avifauna nidificante, cabe destacar a colonia de gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) (150-200 parellas) e, nos cantís de Monteferro, un dos poucos puntos de nidificación do escaso vencello real (*Apus melba*) na costa de Galicia (3-5 parellas). Presenza frecuente de aves mariñas durante os pasos migratorios e a invernía, como corvos mariños (*Phalacrocorax aristotelis* y *Phalacrocorax carbo*), pentumeiros (*Melanitta nigra*), alcas (*Alca torda*) e carráns (*Sterna spp.*). No verán e outono pódense observar bandadas estacionadas de pardelas baleares (*Puffinus mauretanicus*), endemismo en perigo crítico de extinción.

Entre os cetáceos, o arroaz (*Delphinus delphis*), o golfinho mular (*Tursiops truncatus*) e a marsopa (*Phocoena phocoena*) son cetáceos de presenza relativamente frecuente nas augas do LIC.

Nas actuais Normas Subsidiarias esta península (exceptuada a zona do istmo, SAU 1) goza da máxima protección de todo o concello (Ordenanza 17).

Consideramos indispensable que esa protección sexa aínda maior no próximo Plan Xeral, independentemente das outras figuras de protección tanto da Rede Natura como da Xunta de Galicia, pois a proximidade de edificacións aos espazos protexidos presentes no concello, coloca aos seus valores naturais nunha situación de risco. As indicacións do DR ao respecto son claras:

Favorecer a integridade paisaxística: (...)

- Preservar, protexer e poñer en valor as compoñentes e elementos de interese paisaxístico.
- Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan á calidade paisaxística.

(DR páxina 14)

A protección de Monteferro significa ademais a necesaria consolidación dunha zona de transición e protección do LIC, tal como recomenda tamén o DR:

- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables.
- Contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito como fóra del.

(DR páxina 14)

Importa, e moito, non caer na tentación de converter Monteferro nun parque urbano, artificializando a paisaxe e trocando o seu carácter. O gran valor desta contorna derívase precisamente da súa case milagrosa conservación ata os nosos días como espazo natural a penas modificado. Neste sentido cómpre resaltar esa tendencia que xa desde hai anos vai crescendo na maioría dos países desenvolvidos, onde grandes espazos preservados, mesmo próximos ás grandes cidades, son conservados como espazos naturais, sen mobiliario urbano, iluminación nin artificialización ningunha, nun novo concepto de parque: área natural para o lecer da cidadanía.

Por citar só algúns exemplos: O Charlottenlund Palace Gardens, en Dinamarca, cuxos bosques circundantes, autóctonos, foron conservados como espazos naturais non artificializados e son mantidos sen a penas intervención humana. O paseo fluvial de Nantes, onde a única intervención foi a de abrir algúns camiños de xabre para o paseo conservando intacta a flora autóctona, significa hoxe un dos principais atractivos da cidade. Toda a contorna de Oslo está rodeada por un cinto de parques que conservan intacto o seu carácter de natureza viva, sen mobiliario urbano, nin iluminación, nin intervención humana... Espazos naturais cada vez máis escasos canto máis próximos esteamos a zonas altamente urbanizadas e, por iso mesmo, máis valiosos.

Polo tanto consideramos que o PXOM debe integrar e aumentar as medidas protectoras do monte que conteñen as actuais normas subsidiarias, impedindo a instalación de iluminación, mobiliario urbano, etc. así como ningún tipo de explotación comercial, aparcamentos, valados, miradoiros artificializados, nin a apertura de novos camiños ou a ampliación dos existentes; nin tampouco servizos innecesarios como saneamento, traída de auga potable, asfaltado de camiños, movemento de terras, recheos ou outras intervencións que modifiquen o carácter de espazo natural, que é a maior riqueza que para Nigrán representa Monteferro. O tránsito motorizado debería quedar terminantemente prohibido en todo o ámbito protexido pola actual ordenanza 17, coas excepcións do camiño principal xa asfaltado, dos traballos que teña que realizar a

comunidade de montes para o seu aproveitamento forestal ou dos derivados de situacións de emerxencia (policía, ambulancia, protección civil, bombeiros, etc.)

- Conservar e rexenerar os sistemas naturais especiais do litoral.  
(DR páxina 14)

Cómpre, iso si, a rexeneración forestal do monte e a súa limpeza, tanto para o seu disfrute como en prevención de posibles incendios. Evidentemente a repoboación con especies arbóreas autóctonas é o camiño a seguir e debe compaxinarse coa erradicación paulatina das alóctonas, sen que isto supoña en ningún momento a deforestación total ou parcial do monte. É un traballo que se ten que facer ao longo do tempo sen que implique un cambio traumático na configuración do monte. Neste sentido consideramos que o PXOM debería prever e promover esa rexeneración, buscando algunha solución de compromiso entre a Comunidade de Montes e o propio concello, ou outra institución, para acadar ese fin e cumprir desa maneira o estipulado no DR:

- Formular solucións para minimizar os posibles efectos dos lumes.
- Pular pola repoboación con especies arbóreas autóctonas.  
(...)
- Recuperar os ecosistemas costeiros naturais degradados.  
(DR páxina 14)

## 2. A Foz do Miñor

O mesmo que con Monteferro acontece co outro espazo integrado na Rede Natura 2000: a Foz do Miñor. Lamentablemente esta zona de gran importancia ornitolóxica e paisaxística sofre unha gran presión demográfica na súa contorna. Ademais os altos niveis de contaminación levaron a considerala zona C, polo que está prohibida a comercialización en fresco dos seus outrora acreditados moluscos dende hai xa varios anos.

Segundo a directiva 79/409/CEE, este LIC (código ES1140003) acolle a 6 especies de aves protexidas que figuran no Anexo 1 de dita directiva, 5 especies de aves migratorias, 4 especies de mamíferos e unha especie de réptil (*Lacerta schreiberi*) e unha planta (*Narcissus cyclamineus*) que figuran no anexo 2 da directiva 92/43/CEE.

(...) LIC A Ramallosa onde destaca a presenza de aves acuáticas no inverno e, sobre todo, durante os pasos migratorios de primavera e outono, algunhas delas actualmente en perigo crítico de extinción ou ameazadas.  
(DR páxina 9)

Pero esa contaminación, ademais dos postos de traballo perdidos, tamén pon en perigo as propias causas polas que ese esteiro foi considerado LIC. Na súa declaración como tal especifícanse (no apartado “vulnerabilidade”) os perigos máis graves para a súa conservación: *“la contaminación marina en general, la urbanización indiscriminada del litoral y la construcción de nuevas infraestructuras”*.

Polo tanto a contaminación que padece este espazo está estreitamente relacionada coa presión urbanística, como demostra o feito de que os niveis de coliformes multiplícanse por dous nos meses de xullo e agosto segundo análises

practicadas polo Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca CECOPECA.

Convén neste sentido lembrar que, por omisión de funcións, poderíase estar incorrendo nun delito contra o medio ambiente, claramente tipificado no artigo 330 do Código Penal:

*Artículo 330. Quien, en un espacio natural protegido, dañare gravemente alguno de los elementos que hayan servido para calificarlo, incurrirá en la pena de prisión de uno a cuatro años y multa de doce a veinticuatro meses.*

Pensamos por todo isto que o Plan Xeral debe ter en conta o alto risco que ameaza este espazo valiosísimo, planificando as medidas necesarias para a súa rexeneración, preservación e coidado. As deficientes redes de saneamento dependentes do noso concello deben ser adecuadas con toda urxencia a este fin.

- Establecer solucións para minimizar os efectos sobre o medio dos tipos de contaminación identificados.  
(DR páxina 17)

Cremos, por último pero non menos importante, que o PXOM tería tamén que protexer a marisma da Ramallosa non incluída no LIC.

## **Recuperación ambiental**

### **1. A franxa costeira**

Toda a franxa costeira do concello, coa excepción xa citada de Monteferro, sofre unha enorme presión urbana. Nese sentido cómpre restrinxir ao máximo a construción de novas edificacións e infraestruturas nesa zona sensible e consolidar e ampliar os pasos dados para a recuperación de espazos naturais, dunas, etc. na zona de Panxón - Praia América, e iniciar idéntico traballo na Praia de Patos e na zona de Prado, limitando o acceso de vehículos a esas zonas, e buscando alternativas para o aparcamento, cuestión esta que debe representar un dos máis importantes retos para o equipo redactor do PXOM, buscando solucións para a retirada dos vehículos das zonas máis próximas ás praias, como tamén do peirao de Panxón.

A ordenanza 16 das Normas Subsidiarias refírese á conservación e protección da costa e fixa unha serie de prohibicións (corta de arborado, publicidade, extraccións de area, modificación de canles e outras) que debería recoller tamén o PXOM para protección deses espazos.

### **2. Os montes**

No Concello de Nigrán, como no resto do Val Miñor, temos que falar de MONTE á hora de nos referir aos espazos de relevo elevado e abrupto ocupados na súa maioría polas árbores. Estes espazos, tal e como os contemplamos hoxe en día, son froito de continuos cambios ao longo da historia, tanto polos diferentes usos dos que foron

obxecto, como polos cambios na titularidade da súa propiedade. Este cúmulo de acontecementos obríganos a desterrar a denominación de bosque, desaparecido nas nosas terras dende hai séculos, e a empregar a de Monte, como palabra que engloba na maioría das veces, connotacións negativas, estar a monte é para nós, un lugar inculto e sen coidar, cando si vemos o monte que temos ao noso redor, non temos máis que unha xigantesca plantación de monocultivo, iso si, abandonada e sen interese para a maioría das veciñas e veciños, cando sabemos que non hai moito tempo, non era así.

Con todo, a veciñanza de Nigrán, temos nos nosos montes unha serie de valores medioambientais e sociais, que non debemos pasar por alto á hora de planificar un novo PXOM, porque de nós dependerá a súa pervivencia e posta en valor, pensando nas posibilidades que del poderán obter as xeracións vindeiras. Non esquecer que temos que ver o monte con novos ollos, e non só como un ermo, un espazo que ao non nos valer para nada, é a onde se teñen que levar entullos, antenas de diferentes empresas, pistas de cross, parques industriais, autovías e todo aquilo que lle reste valor á “terra” de verdade, a que unicamente se coida polos nosos intereses económicos, á Terra Edificable, sen decatarnos de que para que a nosa zona teña “valor” ten que existir un equilibrio entre todos os elementos que a conforman, e que calquera actuación que fagamos no monte terá para nós diversas repercusións negativas e irreversibles.

Antes de comezar co enunciado destes valores, temos que partir dunha visión de conxunto e deixar claro que o noso monte conforma unha PAISAXE concreta e única, tanto dentro de Galicia como a escala planetaria, na que se combinan unha serie de aspectos físicos e ambientais con diferentes xeitos de organización do espazo que perviven na nosa memoria colectiva e que vai a incidir nas nosas relacións cotiás e sociais.

A paisaxe de Nigrán está condicionada pola presenza do mar e dos montes.  
(DR páxina 11)

Favorecer a integridade paisaxística: (...)

- Preservar, protexer e poñer en valor as compoñentes e elementos de interese paisaxístico.
- Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan á calidade paisaxística.

(DR páxina 14)

Dos aspectos a ter en conta á hora de levar a cabo unha actuación nos nosos montes podemos destacar:

2.1 Monte como entorno de socialización moi importante, lugar de festas e celebracións, lugar polo que pasear, respirar e escoitar silencio, visita de lugares históricos, etc.

2.2 Existencia dos mananciais de auga potable, mananciais que poden ser autoxestionados polas parroquias ou ben como arrendamentos a empresas (preferentemente públicas) especializadas na xestión da auga. O seu coidado e pervivencia é vital para nós e para o futuro, tendo en conta que nos atopamos nunha zona na que as necesidades de auga potable non fixeron máis que aumentar nas últimas décadas e non ten trazas de ir a menos, e que moita da auga potable que se consume no Concello provén de pozos privados, nalgúns casos contaminados por non existir unha rede de saneamento ou por prácticas agrarias

industriais. Por iso, os mananciais que temos nos nosos montes son vitais para todas e todos nós, sen esquecer que os que son propiedade dos Montes Veciñais teñen o valor engadido de que a auga é nosa e non de quen a xestiona.

En relación ao ciclo hídrico e para garantir a conservación da súa integridade deberanse protexer os recursos de auga do concello...  
(DR páxina 26)

2.3 Existencia de Comunidades de Montes Veciñais, xestionadas pola propia veciñanza e como institucións de carácter comunal que, ademais de non abandonar o coidado dos montes, reinvesten o posible capital xerado pola súa explotación, na totalidade da parroquia. Da diferente sensibilidade destas Comunidades teremos montes con garantías de futuro ou montes cunha xestión de explotación dos recursos naturais e abandono dos recursos sociais, que están moi lonxe das utilidades do monte que nós defendemos.

2.4 Existencia de Patrimonio Arqueolóxico – Histórico, como elementos a poñer e valor, sen esquecer que a protección e conservación ten que ir parella coa difusión destes valores patrimoniais entre todas as persoas, facéndoos visíbeis e que as visitas aos conxuntos patrimoniais sexan gratificantes, lúdicas e didácticas. Só a rendibilidade social destas intervencións pode lograr que as Comunidades de Montes dediquen parte dos seus orzamentos anuais á posta en valor do patrimonio e o que aínda é máis importante, ao mantemento destas intervencións.

Preservar e valorizar os elementos patrimoniais:

- Identificar os elementos patrimoniais destacables.
- Preservar os elementos patrimoniais identificados e formular solucións para o seu legado.
- Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

(DR páxina 15)

2.5 Monte como entorno educativo, así xa dende a I Reunión Internacional sobre Medio Ambiente convocada pola UNESCO e celebrada en Estocolmo (Xuño 1972), baixo o título de “Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente Humano”, ante a magnitude do problema, constatouse a necesidade dun cambio de actitudes ante o medio ambiente, o que levou á seguinte conclusión:

“É imprescindible unha labor de educación en cuestións ambientais, dirixida *tanto ás xeracións xoves como ás adultas* e que preste a debida atención ao sector da poboación menos privilexiado, para ensanchar as bases dunha opinión pública ben informada”.

En Agosto de 1987, a UNESCO nun Congreso Internacional sobre Educación Ambiental en Moscú, conclúe que temos que impulsar estratexias para introducir nos sistemas educativos a Educación Ambiental.

Nós engadiríamos que pouco temos que ensinar as criaturas se a sociedade adulta non é quen de levalo á práctica. No “Informe sobre a problemática dos incendios forestais e as súas repercusións nos sectores agroforestal e ambiental” presentado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, o 30 de Agosto de 2006, despois de ter sufrido unha vaga de incendios “histórica” no noso país, citan como causas destes incendios:

“Na Galicia Costeira e nas Grandes Cidades: Planificación Urbanística non axeitada, na que priman intereses económicos, por riba dos sociais e medioambientais”.

“En Xeral:

- Problema de Usos, xa que o lume se contempla como a medida de limpeza máis económica tanto en terreos agrícolas como forestais.
- Problema Cultural: parte da sociedade galega non aprecia o valor económico, social e ambiental do monte”.

2.6 O noso monte foi dende sempre e segue a ser o lugar do que extraemos diferentes tipos de materia orgánica imprescindible para unha agricultura orgánica e a madeira, tanto para usar como materia prima na industria como con fins particulares, leñas, construción, etc. Engadir que a riqueza orgánica que subministra o monte, dende a descomposición das follas é imprescindible nun ecosistema moi diverso.

2.7 A xeración e conservación da biodiversidade que sustenta, dende plantas, insectos (algúns polinizadores que realizan un traballo inestimable para a reprodución das plantas), réptiles, aves e mamíferos.

2.8 Agricultura orgánica e Pastoreo, estas actividades foron abandonadas na súa práctica totalidade pola veciñanza de Nigrán, agás naquelas parroquias nas que as comunidades campesiñas tiveron menos facilidades para aproveitarse do boom turístico. A agricultura orgánica e o pastoreo de gando quedaron, como no resto do país, como actividades complementarias dunha fráxil economía industrial ou ben de familias pobres, cando sempre supuxeron o sustento da poboación en momentos de crise industrial, e a día de hoxe, son actividades moi revalorizadas e que aportarán algún xeito de vida ás persoas que non imos participar no pastel inmobiliario, e que non imos ter moitas posibilidades de atopar un emprego estable e queremos seguir vivindo onde nacemos.

2.9 A capacidade que ten o monte para capturar CO<sub>2</sub> da atmosfera e transformalo en almidón (madeira) e osíxeno libre, polo que o seu papel é importantísimo na loita contra o cambio climático, e dado que as emisións de CO<sub>2</sub> non fixeron máis que medrar, de xeito exponencial dende o século XIX, deberíamos facer todo o posible por ser autosuficientes no balance emisión/captura.

2.10 A capacidade que ten o monte, pola súa gran masa forestal, de regular a temperatura terrestre, provoca que sexa imprescindible para regular o clima, é dicir, as tormentas, ciclóns, furacáns e outro tipo de fenómenos climáticos xunto coas súas consecuencias, como as inundacións, vendavais, secas, serán amortiguados en maior grado canto maior sexa a conservación da masa arborea dos nosos montes. Recordar as inundacións en Sabarís despois dos incendios forestais do 2006. Polo que tamén será imprescindible no control da erosión e retención de sedimentos que, dependendo do seu tamaño, poderían pór en perigo a pervivencia dalgúns dos nosos espazos de poboamento.

Todos estes “traballos” realízaos o monte de forma "gratuíta", é dicir, que non se necesita gastar nin un só euro, simplemente mantelo e preservalo. É, polo tanto, imprescindible que o PXOM procure e fomenta políticas de reforestación baseadas en



axudas de todo tipo, prevalecendo a implantación de plantas autóctonas fronte a alóctonas.

Deberíase contemplar o fomento da agricultura ecolóxica como alternativa á actual, creando postos de traballo e venta en proximidade para evitar aumentar a súa pegada ecolóxica e reducir o valor engadido ó produto final.

Así mesmo consideramos necesaria a construción doutro mercado en Nigrán, na zona da casa do concello, onde estivo anteriormente, ou noutra, a fin de ter servizo diverso e propio que sexa alternativa fronte a hexemónica expansión de supermercados e centros comerciais, en mans de capital alleo e cheos de produtos “de longo percorrido”, con maior gasto enerxético e peor calidade.

### 3. Os ríos

Consideramos tamén que é necesario preservar e protexer especialmente áreas de interese ambiental tan importantes como as ribeiras dos ríos Muíños e Miñor, o primeiro gravemente danado polas obras do Parque Empresarial de Porto do Molle, e ambos fortemente afectados pola emisión de vertidos incontrolados. Na ribeira nigranesa do Miñor hai espazos naturais moi valiosos con posibilidades de ser recuperados como tal e para o lecer da cidadanía, actualmente ocupados por naves industriais obsoletas e outras instalacións similares.

O concello debería solicitar os deslindes de tódolos ríos e regos existentes ( Muíños, Miñor, Prado, Vilameán, Nigrán, Saiáns, Nespereira, Mato Grande, Rego da Rega, Rego de Ponte Muíños...), como peza necesaria para a elaboración deste PXOM que ten que aplicar a lexislación vixente ao respecto, en canto a paso libre de servidume e policía. Todo isto tamén en consonancia co contido do DR:

- Identificar os espazos que estean baixo algunha figura de protección especial, así como a vexetación de ribeira, as masas de frondosas autóctonas, zonas húmidas ou calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico requira algún tipo de protección.
- Protexer os valores naturais susceptibles de ser preservados.

(DR páxina 14)

Por outra banda, deberase prestar especial atención á identificación doutros espazos con valores de interese local como poderían ser os sistemas fluviais. (...) Estes espazos, de ser o caso, poderían ser propostos para a súa declaración como algunha das figuras de protección contempladas pola lei 9/2001, de conservación da natureza no ámbito local, como a referente a Espazos naturais de interese local.

(DR páxina 22)

### 4. O porto de Panxón

Como aparece citado no DR cando fala de “*outros plans ou programas con influencia no termo municipal*” (páx.13), o Plan Director de Instalacións Náutico Deportivas de Galicia prevé 40 prazas de amarre para este tipo de embarcacións no porto de Panxón. Nós consideramos innecesaria esa dotación cuxa demanda está máis que cuberta no conxunto da ría, que ten un forte impacto paisaxístico e medioambiental, e normalmente significa ademais a privatización de espazos públicos.

## Auga

Cómpre que se teña en conta o gran número de mananciais e fontes con que conta o concello. As fontes constitúen un ben de gran importancia que pasou por épocas de total abandono e que deben ser catalogadas e protexidas no marco do PXOM. O control sanitario das fontes debe ser estipulado así como a súa frecuencia, facendo público en cada unha delas o estado das augas conforme ao resultado das analíticas correspondentes e a data de realización das mesmas.

Sobre a enorme importancia dos numerosos mananciais existentes nos nosos montes xa tratamos no punto 2.2 do apartado “Recuperación ambiental”.

As augas tratadas na EDAR deberían ser reutilizadas para os usos que a súa condición permita, evitándose o uso do emisario e dando á cidadanía proba da eficacia do seu tratamento (se a depuración é correcta o emisario non é preciso), ademais de significar un importante aforro no consumo de auga.

Tamén se debe prever e artellar desde o PXOM a necesaria separación de augas pluviais e residuais urbanas. Seguindo, todo o exposto neste apartado, as recomendacións do DR:

Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos  
(DR páxina 18)

En relación ao ciclo hídrico e para garantir a conservación da súa integridade deberanse protexer os recursos de auga do concello...

(DR páxina 26)

Asemade, poderíase buscar determinacións que facilitasen a reutilización de augas grises e/ou pluviais...

(DR páxina 26)

## Mobilidade sostible

### 1. Transporte público

Se falamos de mobilidade sostible o primeiro punto, fundamental e indispensable, é o do transporte público. A ninguén se lle escapa a lamentable situación de todo o Val Miñor ao respecto. A enorme carencia dunha mínima eficacia neste servizo aboca á cidadanía á utilización masiva do vehículo privado, xerando contaminación, aumentando os custos e o consumo enerxético e conxestionando innecesariamente as redes viarias.

Mentres non se solucione este problema nada se resolverá. Consideramos indispensable a creación dunha rede de transporte público intermodal entre as parroquias, entre os concellos do Val Miñor e coa chamada área Metropolitana, para o que é necesario un estudo previo das necesidades e dos desprazamentos, tarefa que, pensamos, corresponde ao equipo redactor do PXOM. Nese estudo non debe valorarse só a súa rendibilidade económica directa, senón tamén e principalmente a súa aportación á calidade de vida da cidadanía, o aforro enerxético, a desconxestión do

tráfico (que evitará a custosa construción de novos viais), a diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro, etc.

- Mellorar a eficacia do transporte público terrestre considerando as súas necesidades de infraestruturas.
  - Realizar unha análise das necesidades de mobilidade e a súa correspondente estimación dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) ocasionados polos desprazamentos.
  - Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade do concello eficiente, segundo as características do tráfico xerado.
  - Favorecer a interconexión con outros concellos ou áreas de interese.
  - Favorecer a intermodalidade nos medios de transporte.
- (DR páxina 17)

## **2. Carrís bici e sendas peonís**

As características orográficas do Val, e polo tanto tamén as de moitas parroquias e zonas do concello, son idóneas para o uso da bicicleta. Ata os anos 70 do pasado século a súa presenza en moitas das nosas estradas (como a que une A Ramallosa con Gondomar) era altísima. Actualmente a densidade do tráfico e o perigo que isto conleva son factores disuasorios para o seu uso. Por iso consideramos prioritario establecer unha rede de “carrís bici” que garanta a seguridade dos ciclistas e estimule o uso da bicicleta.

Do mesmo xeito cómpre artellar en moitas zonas sendas peonís e/ou beirarrúas que garantan a seguridade de quen transita a pé.

- Deseñar itinerarios axeitados ás necesidades de modos de desprazamento alternativos.
- (DR páxina 17)

## **3. Reducir as necesidades**

- Outro punto importante cando falamos de mobilidade sostible é o da redución das necesidades de desprazamento. Naturalmente isto pasa por unha descentralización dos servizos e dos equipamentos, así como dos servizos administrativos. Achegar estes ás distintas parroquias reduciría sensiblemente as necesidades de mobilidade da cidadanía.

O coherente sería recoñecer ás parroquias a súa entidade desde o punto de vista xurídico e administrativo. Pero mentres isto non se realiza, o Concello deberá facilitar os trámites vía Internet, o que reduciría en parte as necesidades de mobilidade da cidadanía. Todo isto seguindo as indicacións do DR:

Reducir as necesidades de mobilidade:

- Fomentar unha zonificación que favoreza a redución dos desprazamentos.
- Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos.
- Situar os centros de servizos básicos e administrativos próximos á actividade da cidadanía.

(DR páxina 17)

#### 4. Rede viaria

O Documento de Inicio do PXOM contempla a construción da chamada Autovía Urbana (un termo que non existe ata agora en ningunha clasificación viaria) definida no seu día no Plan Vigo Íntegra como “Ronda de Vigo: Balsa – Saiáns – Porto do Molle”.

A isto alude tamén o DR na súa páxina 13: *“Outros plans ou programas con influencia no termo municipal son (...) o Plan Viario Integral para a Área de Vigo, “Vigo Íntegra” que prevé a execución dunha “autoestrada urbana” de conexión de Vigo coa bisbarra do Val Miñor”.*

O pasado 15 de maio a directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, anunciaba no Parlamento a retirada deste Plan, feito que recollía de xeito destacado a prensa escrita do día seguinte. Polo tanto, a día de hoxe, o Vigo Íntegra non existe.

Por outra banda esta “autovía urbana” debería conectar co chamado Treito Sur da Ronda de Vigo, dándose o caso de que esa actuación non está recollida no Plan Xeral desa cidade, polo que tal conexión sería imposible.

Alén disto (que non é pouco) hai para nós outros motivos para rexeitar frontal e totalmente ese proxecto.

Aínda que o pretenderon, os redactores do Vigo Íntegra non conseguiron en ningún momento xustificar a necesidade desta actuación: unha nova autovía próxima e paralela a dúas estradas e a unha autopista xa existente e infrautilizada (AG 57) que, mellorando as súas conexións, sería máis que suficiente, sobre todo se se acomete a necesaria mellora do transporte público.

Non é necesario ser experto en nada para decatarse de que a súa verdadeira finalidade (ademais de abrir novas zonas para a especulación) é conectar o Parque Empresarial do Porto do Molle co de Valadares, ao servizo da Zona Franca de Vigo. A súa utilidade para quen vivimos no Val Miñor sería ben escasa, como demostra o feito de que en Nigrán non contempla máis que dous accesos (e moi próximos entre si), un en Porto do Molle e outro na Rúa dos Pazos.

Pola contra atravesaría o concello pola metade, dividindo e rompendo as parroquias de Nigrán (As Angustias) e Priegue, afectando vivendas, destruindo a paisaxe rural, acuíferos, amplas zonas de masa forestal, causando gravísimos e irreversibles danos ao patrimonio arqueolóxico e acentuando o problema da fragmentación do territorio.

Só no concello de Nigrán arruinaría a paisaxe comprendida entre os Catro Castros (poboados fortificados da Idade do Ferro e da Romanización) afectando directamente ao Castro Navás. No seu trazado estragaría numerosos xacementos considerados como Bens de Interese Cultural, nomeadamente 50 grupos de petróglifos prehistóricos inventariados e outros 60 publicados no seu día na revista *El Museo de Pontevedra*. No termo municipal de Vigo afectaría tamén gravemente ás Covas de O Folón, en

Coruxo. Unha rareza xeolóxica única no seu tipo en toda a Península Ibérica clasificada como a novena cova granítica do mundo (a terceira de Europa). Un conxunto que vería ameazada a súa preservación ao cortarse fisicamente a súa cabeceira natural e verse afectadas tamén as augas soterradas que alimentan o sistema de cavidades.

Polo tanto consideramos esa autovía innecesaria e contraria aos intereses de Nigrán, destrutora do noso patrimonio e fragmentadora do noso territorio e dos núcleos rurais e parroquiais. Fragmentadora polo tanto da relación humana.

As necesidades de comunicación de Porto do Molle deben pasar pola utilización da autoestrada AG 57, á que terá un acceso próximo e directo. Mesmo se nun futuro fora necesaria a ampliación desa autoestrada tanto os custes como o impacto ambiental e social da obra serían moito menores que os desta pretendida “autovía urbana”

O mesmo pensamos do proxecto de nova estrada de Chandebrito a Priegue. Facer máis e máis estradas non soluciona os problemas de mobilidade pero si crea outros novos como os mencionados anteriormente. A debida reparación e adecuación da estrada existente sería a mellor solución e a de menor impacto.

## **Residuos**

Urxente é a creación de puntos limpos dos que o concello carece, así como de puntos verdes neste momento inexistentes nun concello rural e cheo de xardíns particulares. Desexable sería a utilización destes restos orgánicos para a fabricación de compost.

Tamén é necesaria a recollida de pilas e aceites usados.

A reutilización dos residuos (plástico, papel, cartón, vidro, compoñentes electrónicos, residuos da construción, aceites, etc.) máis que unha recomendación é unha necesidade inevitable se queremos facer fronte aos graves problemas medioambientais actuais e aos que se avexían.

## **Enerxía**

Vale para aquí todo exposto nos tres primeiros puntos do apartado de mobilidade, xa que o enorme malgasto enerxético, concretamente de derivados do petróleo, que se ve obrigada a facer a cidadanía de Nigrán por ausencia dun sistema axeitado de transporte público constitúe a principal eiva a corrixir neste campo.

Para outros temas relacionados co aforro enerxético o equipo redactor do PXOM debería recorrer ao asesoramento do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) ao que se lle debe pedir un informe técnico sobre Nigrán. Este instituto ten entre os seus fins fomentar a eficiencia e o aforro enerxético, desenvolvendo auditorías e orientando a

empresas, institucións e cidadáns e elabora estudos por encargo de compañías privadas e entidades públicas. Ademais, conta con subvencións para levar a cabo estes proxectos.

## **Emisións contaminantes**

Respecto ás principais emisións contaminantes no noso concello xa falamos anteriormente, pois as máis importantes proceden do transporte e da rede de saneamento. Respecto ás primeiras pouco queda que engadir ao exposto no apartado de mobilidade, sen esquecer o papel importantísimo dos nosos montes e bosques na captura de CO<sub>2</sub>, punto que tamén foi tratado máis arriba.

Respecto á contaminación derivada das augas residuais queda moito por facer. A rede de saneamento é incompleta e deficiente. Os vertidos incontrolados directos ao mar ou aos ríos son aínda cousa habitual no noso concello, así como a gran abundancia de fosas sépticas e pozos negros.

A diseminación da poboación é un grave atranco para solucionar integralmente o problema, pero existen actualmente solucións que poden axudar en gran medida. Nestes últimos días publicábase na prensa unha noticia que pensamos que pode ser de utilidade para moitas zonas do noso concello. Trátase de minidepuradoras que poden crecer en función da demanda e que poden interconectarse para, no caso de ter una avaría, que outras poidan facerse cargo da depuración desa zona en tanto non se repara. Velaí a noticia:

**LA VOZ DE GALICIA** 25/8/2009

### **Decenas de concellos optan por minidepuradoras para evitar o custo das redes de saneamento**

#### **Os expertos destacan que non xeran residuos e que as súas augas son reutilizables**

O alto investimento necesario para tender redes de saneamento e colectores e os problemas legais e de mantemento que xeran as súas verteduras, como ocorre tamén coas fosas sépticas, están levando a decenas de concellos galegos e a comunidades de veciños de novas urbanizacións a optar pola instalación de minidepuradoras. Propostas por expertos ambientais para acabar coas incidencias dos pozos negros e a vertedura diaria en Galicia de 130.000.000 de litros de auga sen depurar, ditas plantas contan cun mantemento escaso, necesitan unha pequena obra para a súa instalación e non xeran residuos, circunstancia que fai que o seu custo por usuario se sitúe ao redor da metade do das plantas tradicionais.

A obrigatoriedade de sanear desde o 2006 as augas residuais dos núcleos de menos de dous mil habitantes está facendo proliferar no mercado esas pequenas instalacións de tratamento cuxo tamaño se asemella ao dun contenedor (ten algo máis de seis metros de longo) que pode ampliarse con novos módulos e atender a grupos de usuarios de 6 a 600 persoas.

Cen concellos ourensáns e outros 52 do resto de Galicia, así como varios concellos de Valencia, Canarias, Andalucía, Cataluña, Madrid e sete localidades de Portugal

adquiriron plantas depuradoras prefabricadas creadas por unha empresa galega, Solucións Ambientais e Augas (SMA), para atender as necesidades de saneamento de núcleos afastados das redes principais, como no caso das illas de Toralla (Vigo) ou de Ons, onde o custo do tendido público dispararíase pola súa complexidade técnica.

Cun custo de adquisición medio de 150.000 euros (fronte aos 60.000 euros por quilómetro de colector das plantas tradicionais), as minidepuradoras basean o seu funcionamento nun tratamento biolóxico dos sólidos e lodos e a desinfección dos líquidos mediante ozono que permite a reutilización das augas unha vez tratadas. As redes de colectores precisas para levar os residuos a estas plantas son de carácter local e, ao ter menos lonxitude, son moito menos custosas.

Segundo os estudos de SMA, a reciclaxe das augas tratadas nas minidepuradoras suporía en Galicia un aforro anual de entre 140.000 e 170.000 euros para unha poboación de 2.000 habitantes. Unha urbanización deportiva de Lanzarote capta ao día 250 metros cúbicos da auga necesaria para regar os seus campos de golf, o que supón o 20% das necesidades de mantemento das devanditas instalacións.

«As fosas sépticas están chamadas a desaparecer, ao ser en xeral instalacións escasamente mantidas, ter que pasar as súas filtracións dúas análises oficiais cada ano, evacuar os seus sólidos con permisos legais e xerar problemas de cheiros e inundacións», sinala Inmaculada Rial, enxeñeira de SMA, que defende a implantación de minidepuradoras en Galicia para salvar o déficit de tratamento de augas residuais.

## Resumo:

- Propoñemos ampliar o nome desta comisión ao de “**Comisión de Medio Ambiente e Patrimonio**”. O documento do Plan Xeral deberá contemplar unha catalogación exhaustiva dos bens patrimoniais a protexer. Para isto, cóntase coas fichas elaboradas pola Oficina de Planeamento para o PXOM rexeitado en 2006. Debería o actual equipo redactor comprobar a veracidade do contido destas fichas e amplialas, ben por traballo propio de campo, ou ben coas achegas que os colectivos presentes no Consello Sectorial realicemos.
- **Monteferro:** Consideramos que o PXOM debe integrar e aumentar as medidas protectoras do monte que conteñen as actuais normas subsidiarias, impedindo a instalación de iluminación, mobiliario urbano, etc. así como ningún tipo de explotación comercial, aparcamentos, valados, miradoiros artificializados, nin a apertura de novos camiños ou a ampliación dos existentes; nin tampouco servizos innecesarios como saneamento, traída de auga potable, asfaltado de camiños, movemento de terras, recheos ou outras intervencións que modifiquen o carácter de espazo natural, que é a maior riqueza que para Nigrán representa Monteferro. O tránsito motorizado debería quedar terminantemente prohibido en todo o ámbito protexido pola actual ordenanza 17, coas excepcións do camiño principal xa asfaltado, dos traballos que teña que realizar a comunidade de montes para o seu aproveitamento forestal ou dos derivados de situacións de emerxencia (policía, ambulancia, protección civil, bombeiros, etc.)
- **A Foz do Miñor:** Pensamos que o Plan Xeral debe ter en conta o alto risco que ameaza este espazo valiosísimo, planificando as medidas necesarias para a súa rexeneración, preservación e coidado. Os altos niveis de contaminación por coliformes levaron a considerala zona C, polo que está prohibida a comercialización en fresco dos seus moluscos dende hai xa varios anos. As deficientes redes de saneamento dependentes do noso concello deben ser adecuadas con toda urxencia a este fin. O PXOM tería tamén que protexer a marisma da Ramallosa non incluída no LIC.
- **A franxa costeira:** A ordenanza 16 das Normas Subsidiarias refírese á conservación e protección da costa e fixa unha serie de prohibicións (corta de arborado, publicidade, extraccións de area, modificación de canles e outras) que debería recoller tamén o PXOM para protección deses espazos.
- **O porto de Panxón:** Consideramos innecesaria e de forte impacto paisaxístico e medioambiental, a creación de 40 amarres de embarcacións deportivas nese porto.
- **Os montes:**
  - Monte como entorno de socialización.
  - Coidado e pervivencia dos mananciais de auga potable.
  - Protección das Comunidades de Montes Veciñais.
  - Protección de Patrimonio Arqueolóxico – Histórico.
  - Uso do monte como entorno educativo.
  - Preservación do monte como fonte de materia orgánica.



- Xeración e conservación da biodiversidade.
  - Agricultura orgánica e pastoreo.
  - O monte contra o cambio climático. Captura de CO<sub>2</sub>
  - O monte como regulador climático,
  - É imprescindible que o PXOM procure e fomente políticas de reforestación baseadas en axudas de todo tipo, prevalecendo a implantación de plantas autóctonas fronte a alóctonas..
  - Deberíase contemplar o fomento da agricultura ecolóxica. Consideramos necesaria a construción doutro mercado en Nigrán que sexa alternativa fronte a hexemónica expansión de supermercados e centros comerciais, cheos de produtos “de longo percorrido”, con maior gasto enerxético e peor calidade.
- **Os ríos:** preservar e protexer especialmente áreas de interese ambiental tan importantes como as ribeiras dos ríos Muíños, Miñor e outros. O concello debería solicitar os deslindes de tódolos ríos e regos existentes como peza necesaria para a elaboración deste PXOM.
  - **Auga:**
    - Cómpre que se teña en conta e se protexa o gran número de mananciais e fontes con que conta o concello.
    - As augas tratadas na EDAR deberían ser reutilizadas para os usos que a súa condición permita, evitándose o uso do emisario e dando á cidadanía proba da eficacia do seu tratamento (se a depuración é correcta o emisario non é preciso), ademais de significar un importante aforro no consumo de auga.
    - Prever e artellar desde o PXOM a necesaria separación de augas pluviais e residuais urbanas.
  - **Transporte público:** Consideramos indispensable a creación dunha rede de transporte público intermodal entre as parroquias, entre os concellos do Val Miñor e coa chamada área Metropolitana.
  - **Carrís bici** e sendas peonís: Consideramos prioritario establecer unha rede de “carrís bici” que garanta a seguridade dos ciclistas e estimule o uso da bicicleta.
  - **Reducir as necesidades:** Redución das necesidades de desprazamento. Isto pasaría por unha descentralización dos servizos e dos equipamentos, así como dos servizos administrativos. O coherente sería recoñecer ás parroquias a súa entidade desde o punto de vista xurídico e administrativo; mentres isto non se realiza, o Concello deberá facilitar os trámites vía Internet, o que reduciría en parte as necesidades de mobilidade da cidadanía.
  - **Rede viaria:** As necesidades de comunicación de Porto do Molle deben pasar pola utilización da autoestrada AG 57, á que terá un acceso próximo e directo. Mesmo se nun futuro fora necesaria a ampliación desa autoestrada tanto os custes como o impacto ambiental e social da obra serían moito menores que

os da pretendida “autovía urbana” . Consideramos esa autovía innecesaria e contraria aos intereses de Nigrán, destrutora do noso patrimonio e fragmentadora do noso territorio e dos núcleos rurais e parroquiais. Fragmentadora polo tanto da relación humana.

O mesmo pensamos do proxecto de nova estrada de Chandebrito a Priegue. A debida reparación e adecuación da estrada existente sería a mellor solución.

- **Residuos:**
  - Urxente é a creación de puntos limpos dos que o concello carece, así como de puntos verdes neste momento inexistentes nun concello rural e cheo de xardíns particulares.
  - A reutilización dos residuos (plásticos, papel, cartóns, vidro, compoñentes electrónicos, residuos da construción, aceites, etc.) máis que unha recomendación é unha necesidade inevitable se queremos facer fronte aos graves problemas medioambientais actuais e aos que se aveciñan.
- **Enerxía:** Recorrer ao asesoramento do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).
- **Emisións contaminantes:**
  - A rede de saneamento é incompleta e deficiente. Os vertidos incontrolados directos ao mar ou aos ríos son aínda cousa habitual no noso concello, así como a gran abundancia de fosas sépticas e pozos negros.
  - Unha solución para evitar os altos custos de conexión á rede de zonas apartadas é a creación de minidepuradoras que poden crecer en función da demanda e que poden interconectarse para, no caso de ter unha avaría, que outras poidan facerse cargo da depuración desa zona en tanto non se repara.